



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

INFORME XURÍDICO

Expediente: MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM NO NÚCLEO RURAL DE A IGREXA- SAN SALVADOR

Procedemento: Procedimientto Xenérico

Expediente nº: 2020/X999/000061

Departamento: Secretaría Xeral

Titular:

CONCELLO DE ARZUA
P1500600J
C/SANTIAGO 2
Arzua 15810

Informante: Rebeca Vázquez Vázquez

De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia de data 17/06/2020, e en cumprimento do establecido no artigo 3.3 a) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o Réxime Xurídico dos Funcionarios de Administración Local con Habilitación de Carácter Nacional, emito o seguinte informe:

1.-ANTECEDENTES:

1.-Recollidos en Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático de 7/8/2018 pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á Modificación Puntual do PXOM no núcleo rural da Igrexa San Salvador concello de Arzúa (A Coruña).

Remítese pola Consellería de Medio Ambiente e ordenación do territorio Dirección Xeral de Calidade Ambiental e cambio climático con esta resolución copia de comentarios e informes recibidos durante o período de consultas (que se iniciou o 15/05/2018 na sede electrónica da Dirección Xeral de Calidade ambiental e Cambio climático por dous meses así como consulta á Dirección Xeral de Ordenación do territorio e urbanismo entre outras Administracións Públicas) ao que se someteu o documento ambiental estratéxico e o borrador da modificación que corresponden aos seguintes organismos:

- .- Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo 11/07/2018
- .- Instituto de Estudos do Territorio 20/07/2018
- .- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.de 19/06/2018



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Segundo esta Resolución (xa que no momento de emisión deste informe non se atopan na secretaría ditos documentos, o día 11/5/2008 a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio climático recibiu un escrito do Concello de Arzúa no que se solicita iniciar o procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificada da modificación puntual do PXOM no núcleo rural da Igrexa San Salvador, para o que achega o documento ambiental estratéxico e o borrador da proposta de modificación .

Deberá completarse o expediente e subir no expediente TEDEC 2020/X999/000061 toda a documentación relacionada. Neste informe límítome a informar en relación aos antecedentes que indico .

2.- Consta no expediente Documento de aprobación inicial redactado pola empresa Estudio Técnico Gallego S.A. asinado polo arquitecto Isidro López Yáñez en maio de 2019. (será dilixenciado por esta Secretaría no seu caso de ser aprobado)

4.- Providencia do Alcalde de 27/07/2020 solicitando informe aos servizos técnicos e xurídicos municipais sobre a coformidade do expediente de modificación coa lexislación vixente .

5.- Informe do arquitecto técnico municipal Luis Fole Barrio de data 27/7/2020

2.-NORMATIVA :

NORMATIVA;

Relaciónanse a continuación, con carácter indicativo e non limitativo, o conxunto de normas e demais instrumentos xurídicos que poden incidir sobre este asunto

2.1 Normativa xeral. Estatal :

Real decreto, do 24 de xullo de 1889, polo que se aproba o Código civil (en adiante CC/1889, modificado parcialmente por distintas normas posteriores);

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (en adiante L 7/1985; modificada pola L 27/2013);

Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio histórico español (en adiante L 16/1985, modificada polo RD 162/2002);

Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal (en adiante LO 10/1995; en especial, o seu título XVI);

Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación (en adiante L 38/1999);

Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (en adiante LAG/2001, modificado polo art. 129 da L 62/2003);

Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes (en adiante L 43/2003, modificada pola L 10/2006); Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sustentable (en adiante L 2/2011);

Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público ,

Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (en adiante L 21/2013);

Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións (en adiante L 9/2014);

Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas (en adiante L 37/2015);

Texto refundido da Lei do Solo e rehabilitación urbana, aprobado por Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro (en adiante LSRU/2015);

Lei 37/2015, do 29 de setembro de estradas (en adiante L 37/2015);



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante L 39/2015);

Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público (en adiante L 40/2015);

Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (en adiante RDL 1/2016).

Real decreto 111/1986, do 10 de xaneiro, polo que se desenvolve parcialmente a L 16/1985 (en adiante RD 111/1986, modificado polo RD 162/2002);

Real decreto 2816/1982, do 27 de outubro, do Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas (en adiante RD 2816/1982, parcialmente derogado polo RD 314/2006 e polo RD 393/2007);

Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico (en adiante RD 849/1986);

Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais (en adiante RD 1372/1986);

Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (en adiante RD 2568/1986);

Real decreto 1812/1994, do 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de estradas (en adiante RGE/1994); Real decreto 1093/1997, do 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística (en adiante RD 1093/1997); Real decreto 314/2006, do 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación (en adiante RD 314/2006 e CTE/2006 respectivamente, complementado polo RD 1371/2007 e modificado polo RD 173/2010); Real decreto 505/2007, do 20 de abril, polo que se aproban as condicións básicas de accesibilidade nos espazos públicos urbanizados e edificacións (en adiante RD 505/2007); Real decreto 1000/2010, do 5 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio (en adiante RD 1000/2010); Real decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de servizos de telecomunicación nas edificacións (en adiante RD 346/2011); Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións do RDL 2/2008 (en adiante RVS/2011); Real decreto 876/2014, do 10 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral de costas (en adiante RD 876/2014

2.2 Autónoma Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia (en adiante LG 1/1995); Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia (en adiante LG 10/1995); Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (en adiante LG 3/2007); Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (en adiante LG 7/2008); Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galicia (en adiante LG 13/2010); Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia (en adiante LG 7/2012); Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia (en adiante LG 8/2012); Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia (en adiante LG 8/2013); Lei 9/2013, do 19 de decembro, de 22.07.2019 emprendemento e da competitividade económica de Galicia (en adiante LG 9/2013); Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade (en adiante LG 10/2014);

Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en adiante LSG/2016);

Lei 5/2016, do 26 de abril, do patrimonio cultural de Galicia (en adiante LG 5/2016); Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia (en adiante LG 1/2019). Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal (en adiante D 80/2000); Decreto 330/1999, do 9 de decembro, polo que se establecen as unidades mínimas de cultivo para



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Galicia (en adiante D 330/1999); Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de accesibilidade (en adiante D 35/2000); Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia (en adiante D 292/2004; modificado polo D 160/2005) Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de Galicia (en adiante D 262/2007); Decreto 19/2011, do 10 de febreiro, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, polo que se aproban definitivamente as Directrices de ordenación do territorio (en adiante D 19/2011); Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan do litoral de Galicia (en adiante D 20/2011); Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (en adiante D 106/2015); Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LG 2/2016 (en adiante RSG/2016); Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos (en adiante RIAE/2016); Decreto 127/2016, do 15 de setembro, polo que se regulan as infraestruturas necesarias para posibilitar as funcionalidades do fogar dixital nas vivendas de nova construción (en adiante D 127/2016).

2.3 Planeamento Plan Xeral de Ordenación Municipal, aprobado definitivamente pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes mediante Orde do 6.10.2008 (en adiante PXA/2008);

Decreto 83/2018, do 26 de xullo polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, complementado pola Resolución da CMAOT do 06.08.2018 (en adiante PBA/2018).

INFORME:

PRIMEIRO. Constitúen o solo de núcleo rural as áreas do territorio que serven de soporte a un asentamento de poboación singularizado, identificable e diferenciado administrativamente nos censos e padróns oficial que o plan defina e delimite tendo en conta o número de edificacións, a densidade de vivendas, o seu grao de consolidación pola edificación e, no seu caso, a tipoloxía tradicional da súa armazón e das edificacións existentes no mesmo.

[Xustificarase o grao de consolidación pola edificación segundo o tipo de solo de núcleo de que se trate, tradicional ou común, cos límites establecidos no Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

Ao mesmo tempo, a tipoloxía tradicional das edificacións virá determinada polo cumprimento destas dúas condicións:

- a) Que sexan identificables nas fotografías aéreas do «voo americano» do ano 1956.*
- b) Que teñan una estrutura reconecible como tradicional da arquitectura popular de Galicia].*

SEGUNDO. Sobre a lexislación aplicable a esta modificación do PXOM para



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

delimitación de núcleo, considerando que a modificación trae a súa causa en razón de interese público para dar cumprimento a Sentenza xudicial que anula a delimitación de núcleo rural da Igrexa no planeamento vixente pode destacarse a seguinte:

- O PXOM de Arzúa aprobado definitivamente por Orde da CPTOPT de 6/10/2008, queda afectado pola Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 15/5/2014 (DOG 3/11/2014) que o anulou parcialmente e entre outros anulou a delimitación do núcleo rural da Igrexa Santa María o interese público a satisfacer con este expediente é o cumprimento das sentenzas 00483/2014 indicada.

— Os artigos 23 a 26, 55, e 78 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

— Os artigos 33 a 40, 122 a 125 e 189 a 191 do Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro.

— Os artigos 22.2.c) e 47.2.ii) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

TERCEIRO. As condicións para que una agrupación poboacional poida ser recoñecida como núcleo rural se adquire mediante a concorrencia dos requisitos indicados no presente artigo, o que determinará a asignación a devandito solo das posibilidades edificatorio que o plan urbanístico recoñeza aos núcleos rurais.

CUARTO. A delimitación dos núcleos rurais que o plan estableza virá referida a algún dos seguintes tipos básicos:

a) Núcleo rural tradicional, caracterizado como tal en función das súas características morfolóxicas, da tipoloxía tradicional das edificacións, da vinculación coa explotación racional dos recursos naturais ou de circunstancias doutra índole que manifesten a vinculación tradicional do núcleo co medio físico no que se sitúa.

[A súa delimitación realizarase en atención á proximidade das edificacións, os lazos de relación e coherencia entre lugares dun mesmo asentamento con topónimo diferenciado e a morfoloxía e tipoloxías propias de devanditos asentamentos e da área xeográfica na que se atopan (casal, lugar, aldea, barrio ou outro), de modo que o ámbito delimitado presente una consolidación pola edificación de, polo menos, o 50 %, de acordo coa ordenación proposta e trazando una liña perimetral que encerre as edificacións tradicionais do asentamento seguindo o parcelario e as pegadas físicas existentes (camiños, ríos, regatos, ribazos e outros) (artigo 23.3.a) da LSG].



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

b) Núcleo rural común, constituído por aqueles asentamentos de poboación reconocibles como solo de núcleo rural pola súa trama parcelaria ou o carácter tradicional do seu viario soporte pero que non presentan as características necesarias para a súa inclusión no tipo básico anterior. A súa delimitación deberá facerse en función das previsións de crecemento que o plan xeral estableza para o núcleo e tendo en conta que o ámbito delimitado deberá presentar un grao de consolidación pola edificación, de acordo coa ordenación urbanística que para o mesmo contémplese no plan, igual ou superior a un terzo da súa superficie (artigo 23.3.b) da LSG).

[Na delimitación dos núcleos rurais deberán potenciarse e consolidarse as áreas vacantes do interior do núcleo, así como evitar un crecemento excesivo que non garde proporción coas necesidades da poboación].

QUINTO. Para edificar no ámbito dos núcleos rurais deberá disporse de acceso rodado de uso público e executarse a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo rural ou nas súas proximidades. De non existir, deberán resolverse por medios individuais con cargo ao promotor ou promotora da edificación e co compromiso de conexión cando se implanten os servizos.

[Para a conexión coas redes de servizo existentes no núcleo ou nas súas proximidades, o solo de núcleo rural terá a mesma condición urbanística que o solo urbano, sen prexuízo do previsto para o suposto de actuacións integrais].

SEXTO. Os municipios sen plan xeral poderán delimitar o solo dos núcleos rurais existentes, previa aprobación do presente expediente de delimitación, no que se acreditará o cumprimento dos requisitos establecidos no artigo 23 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e incluíranse as determinacións contempladas no artigo 55 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

SÉTIMO. No suposto de expedientes de delimitación que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, seguiranse os trámites establecidos no artigo 60, apartados 2, 3, 4, 5, 9, 10, 11, 12 e 13 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

No suposto de expedientes de delimitación que deban someterse a avaliación ambiental estratéxica simplificada, (**sendo o caso deste expediente**) con carácter previo ao sometemento a información pública, realizaranse os seguintes trámites:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

a) O órgano municipal competente remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio da avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que acompañará a delimitación proposta e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental, no prazo de dous meses, a contar desde a recepción da documentación completa, formulará o informe ambiental estratéxico, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas por prazo de dous meses. Entre os órganos a consultar estará o competente en materia de urbanismo.

O órgano ambiental, tendo en conta do resultado das consultas, determinará no informe ambiental estratéxico se o expediente de delimitación do solo de núcleo rural ten ou non efectos significativos no medio. En caso de non prever efectos significativos, o expediente poderá aprobarse nos termos que o propio informe estableza.

O informe ambiental estratéxico remitirase no prazo de quince días hábiles para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e na sede electrónica do órgano ambiental.

Na Resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Camibo climático de 7/8/2018 pola que se formula o informe ambiental estratéxico relativo á Modificación Puntual do PXOM no núcleo rural da Igrexa San Salvador concello de Arzúa (A Coruña) indícase que de conformidade coa proposta anterior resolvo non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a Modificación puntual do PXOM no núcleo rural da Igrexa San Salvador no Concello de Arzúa non obstante para evitar ou minimizar posibles efectos ambientais, integrárase no planeamento as determinacións que se indican na proposta transcrita ...como se sinala nesta Resolución ó Concello de Arzúa no documento presentado para aprobación inicial deberá ter en conta o sinalado nesta resolución para a tramitación da modificación puntual.

SÉTIMO. O procedemento a seguir para a declaración de solo de núcleo rural será o seguinte:

A. Por [os *Servizos Técnicos municipais/o equipo redactor*] redactarase o proxecto de delimitación do núcleo rural.

Neste expediente o proxecto non foi redactado polos *Servizos Técnicos municipais* (



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

foi redactado pola Empresa Estudo Técnico Galego

[O **proxecto conta coa** documentación esixida polo artigo 190 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que require, como mínimo, en ausencia do plan xeral de ordenación municipal, a seguinte documentación:

a) **Memoria**. A memoria dividirase en dous partes:

a.1) **Memoria informativa**, na que se recollerán todos os datos que se consideren relevantes para a delimitación e identificación do núcleo rural e a súa referencia ao tipo básico que lle corresponda, segundo o establecido nos artigos 33, 34 e 35 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia. Para ese efecto considerarase:

1º. Identificación do núcleo nos censos e padróns oficiais, así como no Plan básico autonómico una vez aprobado, e a categoría que lle corresponda segundo o sistema de asentamentos das directrices de ordenación do territorio.

2º. As posibles afeccións sectoriais e dos diferentes instrumentos de ordenación do territorio que incidan sobre o ámbito.

3º. As condicións topográficas, hidrográficas, elementos naturais existentes e outros elementos que poidan incidir na delimitación.

4º. Antecedentes existentes de delimitacións anteriores. Nivel de integración das dotacións e servizos existentes no núcleo.

5º. Elementos ou ámbitos catalogados que deban ser obxecto de protección segundo a normativa sectorial de aplicación.

a.2) **Memoria xustificativa**: na que se xustificará a necesidade ou conveniencia de proceder á delimitación do núcleo, así como as condicións nas que se basea o perímetro proposto, o grao de consolidación e os motivos que fundamentan que o solo de núcleo se insira no tipo básico elixido.

No caso de que se establezan áreas de actuación integral no núcleo, deberá xustificarse que se garante a integración da actuación coa morfología, os servizos e as características do núcleo.

Neste caso, xustificarse que a densidade máxima da actuación non supera as vinte e cinco vivendas por hectárea, así como o cumprimento das reservas de solo para sistemas locais e prazas de aparcadoiro, establecidas na Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

b) **Una ficha do núcleo** co contido mínimo esixido, no artigo 138.2.b), para as fichas de cada núcleo dentro da análise do modelo de asentamento poboacional do plan xeral.

c) A ficha do núcleo acompañarase dun **ou varios planos**, a escala 1:2.000, de acordo co disposto no artigo 138.2.c) do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

d) A ficha de cada núcleo acompañarase tamén das **fotografías aéreas** referidas no artigo 138.2.c) do Regulamento da Lei do solo de Galicia.

e) **Ordenanza ou ordenanzas de edificación**, que conteñan a regulación detallada dos usos, volume e condicións hixiénico-sanitarias dos terreos e das construcións, así como das súas características tipolóxicas, estéticas e construtivas.



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

As ordenanzas recollerán as condicións de edificación de acordo cos parámetros relacionados no artigo 124.2 do Regulamento da Lei 2/2016, do solo de Galicia.

A documentación da delimitación do núcleo rural formalizarase, como mínimo nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital, que será entregada na Administración correspondente].

B. Redactado o proxecto de delimitación do núcleo rural, el Pleno do Concello procederá á aprobación inicial de delimitación; este Acordo adoptarse por voto favorable **da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, todo** iso de conformidade co establecido nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

C. O Concello, tras a súa aprobación inicial, someterá o expediente de delimitación a información pública, por un prazo mínimo de dous meses, mediante anuncio que se deberá publicar no *Diario Oficial de Galicia* e en dous dos diarios de maior difusión na provincia.

Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais do terreos respecto dos cales se proxecte una modificación na súa cualificación urbanística.

[O concello deberá solicitar, no momento que corresponda, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente Ver informe técnico e informes sectoriais no procedemento de avaliación ambiental Lei 21/2013)

D. De presentarse alegacións éstas deberán ser Informadas polos Servizos técnicos as alegacións presentadas durante a información pública, o Pleno aprobará provisionalmente a delimitación de solo de núcleo rural e remitirá o expediente ao órgano competente en materia de urbanismo para que resolva sobre a aprobación definitiva no prazo de tres meses, a contar a partir da recepción do expediente completo no rexistro da Consellería.

Transcorrido este prazo sen resolución expresa, entenderase aprobado por silencio administrativo.

E canto veño a informar os efectos oportunos , salvo erro ou omisión involuntaria e sen prexuízo doutro mellor informe fundamentado en dereito informando favorablemente o expediente para a súa aprobación inicial polo Pleno municipal en relación cós aspectos xurídicos (documentais e procedimentais neste informe analizados) sen valoracións de tipo técnico que se atopan no



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

informe dos servizos técnicos municipais e advertindo da necesidade de valorar no acordo que se propoña de ser de aprobación inicial da modificación a xustificación polos servizos técnicos da suspensión do outorgamento de licenzas no solo afectado pola modificación tendo en conta o disposto no artigo 47 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia que indica:

Artículo 47 *Suspensión de licencias*

1. Los órganos competentes para la aprobación inicial de los instrumentos de planeamiento urbanístico podrán acordar la **suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias de parcelación de terrenos,10 edificación y demolición para áreas o usos determinados, a fin de estudiar su formulación, revisión o modificación. Esta suspensión se extinguirá, en todo caso, en el plazo de un año.**

El acuerdo de suspensión deberá publicarse en el Diario Oficial de Galicia y en uno de los periódicos de mayor difusión de la provincia.

2. El acuerdo de aprobación inicial de los instrumentos de planeamiento urbanístico determinará, por sí solo, la suspensión del procedimiento de otorgamiento de licencias en aquellos ámbitos del territorio objeto de planeamiento en el caso en que las nuevas determinaciones del mismo supusieran la modificación de la ordenación urbanística vigente. A estos efectos, determinará expresamente las áreas afectadas por la suspensión.

Esta suspensión tendrá una duración máxima de dos años, a contar desde dicha aprobación inicial, extinguiéndose, en cualquier caso, con la aprobación definitiva del planeamiento.

3. Extinguidos los efectos de la suspensión, en cualquiera de los supuestos previstos, no podrán acordarse nuevas suspensiones por idéntica finalidad, en el plazo de cuatro años.

4. Los peticionarios de licencias solicitadas con anterioridad a la publicación de la suspensión y que se encuentren dentro del plazo legal de resolución tendrán derecho a ser indemnizados del coste oficial de los proyectos y a la devolución, en su caso, de las cantidades correspondientes a los tributos municipales, siempre que su otorgamiento no fuese posible, por resultar incompatible con la nueva ordenación establecida, y se compruebe que el proyecto para el que se había solicitado licencia se ajustaba al planeamiento vigente en el momento de presentar la solicitud.

5. En tanto dure la suspensión de licencias, podrán autorizarse usos y obras provisionales en los términos del artículo 89.

Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe

A Secretaria



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Enterado do contido íntegro do informe

O Alcalde